





RUTA “SUBIDA Á CUROTA POLO RÍO DAS PEDRAS”

Unha ruta que nos descobre unha marabillosa paisaxe

PR-G 263



A ruta iníciase no aparcadoiro de Aldea Vella, subindo pola pista que sae a man esquerda do aparcadoiro, camiñando pola marxe dereita do río das Pedras. O camiño avanza por unha pista entre plantacións forestais de eucaliptos e piñeiros, pero pronto perde anchura converténdose en camiño e continúa ata alcanzar a ponte de orixe medieval de San Xoán da Misarela, que salva o leito do río que desde aquí ao seu nacemento se coñece tamén como o río San Xoán. Preto da ponte encóntranse os restos do antigo convento da Misarela. Neste punto cruzando a ponte, a ruta leva o seu trazado pola ribeira esquerda do río remontando o seu leito, por un carreiro que pasa primeiro a carón dos restos do convento e logo, a carón dos saltos que conforman as fervezas do río das Pedras e as do río de San Xoán (ou da Misarela).

Unha vez que chegamos ao punto máis alto deste carreiro, nas proximidades do Alto do Armelo, vadéase o río San Xoán grazas a uns pasos sobre as pedras do río, para continuar pola outra beira en dirección sur ata as proximidades do aparcadoiro do miradoiro da Curota, onde comeza a derivación que leva ao miradoiro da Curota (512 m), desde onde se pode gozar dunhas espectaculares vistas sobre a ría da Arousa.

O camiño continúa descendendo a través dun carreiro ata o miradoiro de Valle Inclán onde se encontra unha escultura do ilustre escritor, cun grande arraigamento na Pobra do Caramiñal. Desde o miradoiro podemos baixar ata Aldea Vella entre plantacións forestais pola variante deste PR-G.

MIDE PR-G 263 Ruta Subida á Curota polo río Pedras - Principal			
horario	2h 25'	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	442 m	2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	193 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	6,8 km	2	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Travesía	Mapas IGN escala 1:25.000: 151-II	

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.


MIDE PR-G 263.1 Ruta Subida á Curota polo río Pedras: variante			
horario	0h 50'	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	0 m	2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	229 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	2,5 km	1	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Travesía	Mapas IGN escala 1:25.000: 151-II	

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.


MIDE (Método de Información De Excursións)

	Medio Severidade do medio natural	1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco	
	Itinerario Dificultade de orientarse no itinerario	1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear	
	Desprazamento Dificultade no desprazamento	1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas escalonadas ou terros irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión	
	Esforzo Cantidade de esforzo necesario	1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva	Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado

PERFIL TOPOGRÁFICO DA RUTA PRINCIPAL (PR-G 263)



PERFIL DA VARIANTE (PR-G 263.1)



MÁIS INFORMACIÓN E Nº DE INTERESE

>112
EMERXENCIAS GALICIA

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Garda Civil: 062
- Concello: 981 84 32 80
- Policia local: 981 84 33 60 / 607 46 73 74
- Web: apobra.gal

apobra.gal

barbanzarousa.gal

SINAIS DE SENDEIRISMO NOS PR-G (PEQUENO RECORRIDO GALEGO)

- Sinal de continuidade: indica dirección correcta
- Sinal de dirección equivocada: indica dirección incorrecta
- PR-G 263 Baliza: permite identificar o tipo e o nº de sendeiro homologado
- PR-G 263.1 Baliza de variante: permite identificar a variante do sendeiro
- PR-G 263 Baliza de derivación: permite identificar o nº de sendeiro homologado na derivación

SENDEIRO SINALIZADO

Entidade promotora:
Mancomunidade Barbanza Arousa

Entidade homologadora:
Federación Galega de Montañismo

- Respecta a natureza e os seres vivos que aquí habitan, non molestes aos animais nin arrinques plantas. Se recolles cogomelos, faino con responsabilidade.
- Recolle o lixo que xeres e deposítalo no contedor ou nunha papeleira e, se é posible, sepáralo para reciclar.
- O lume pode destruír a vida. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
- Non abandones animais exóticos nin mascotas, xa que causan un dano irreparable no equilibrio ecolóxico.
- Non circules co coche, a motocicleta ou o quad por fóra das estradas.
- Goza deste espazo natural e do contacto coa natureza. Volve e descúbree noutras épocas do ano


Versión en castellano por el otro lado del panel




RUTA “SUBIDA Á CUROTA POLO RÍO DAS PEDRAS”

Unha ruta que nos descobre unha marabillosa paisaxe


PR-G 263



PERFIL TOPOGRÁFICO DA RUTA PRINCIPAL (PR-G 263)



PERFIL DA VARIANTE (PR-G 263.1)




MÁIS INFORMACIÓN E Nº DE INTERESE

>112
EMERXENCIAS GALICIA

- Emerxencias: 112
- Incendios: 080
- Garda Civil: 062
- Concello: 981 84 32 80
- Policia local: 981 84 33 60 / 607 46 73 74
- Web: apobra.gal

apobra.gal

barbanzarousa.gal



A ruta iníciase no aparcadoiro de Aldea Vella, subindo pola pista que sae a man esquerda do aparcadoiro, camiñando pola marxe dereita do río das Pedras. O camiño avanza por unha pista entre plantacións forestais de eucaliptos e piñeiros, pero pronto perde anchura converténdose en camiño e continúa ata alcanzar a ponte de orixe medieval de San Xoán da Misarela, que salva o leito do río que desde aquí ao seu nacemento se coñece tamén como o río San Xoán. Preto da ponte encóntranse os restos do antigo convento da Misarela. Neste punto cruzando a ponte, a ruta leva o seu trazado pola ribeira esquerda do río remontando o seu leito, por un carreiro que pasa primeiro a carón dos restos do convento e logo, a carón dos saltos que conforman as fervenzas do río das Pedras e as do río de San Xoán (ou da Misarela).

Unha vez que chegamos ao punto máis alto deste carreiro, nas proximidades do Alto do Armelo, vadéase o río San Xoán grazas a uns pasos sobre as pedras do río, para continuar pola outra beira en dirección sur ata as proximidades do aparcadoiro do miradoiro da Curota, onde comeza a derivación que leva ao miradoiro da Curota (512 m), desde onde se pode gozar dunhas espectaculares vistas sobre a ría da Arousa.

O camiño continúa descendendo a través dun carreiro ata o miradoiro de Valle Inclán onde se encontra unha escultura do ilustre escritor, cun grande arraigamento na Pobra do Caramiñal.

Desde o miradoiro podemos baixar ata Aldea Vella entre plantacións forestais pola variante deste PR-G.

MIDE PR-G 263 Ruta Subida á Curota polo río Pedras - Principal

horario	2h 25'	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	442 m	2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	193 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	6,8 km	2	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Travesía	Mapas IGN escala 1:25.000: 151-II	

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.

MIDE PR-G 263.1 Ruta Subida á Curota polo río Pedras: variante

horario	0h 50'	1	severidade do medio natural
desnivel de subida	0 m	2	orientación no itinerario
desnivel de baixada	229 m	2	dificultade no desprazamento
distancia horizontal	2,5 km	1	cantidade de esforzo necesario
tipo de percorrido	Travesía	Mapas IGN escala 1:25.000: 151-II	

Condições de todo o ano, tempos estimados segundo criterio MIDE, sen paradas.

MIDE (Método de Información De Excursións)

	Medio Severidade do medio natural	1 O medio non está exento de riscos 2 Hai máis dun factor de risco 3 Hai varios factores de risco 4 Hai bastantes factores de risco 5 Hai moitos factores de risco
	Itinerario Dificultade de orientarse no itinerario	1 Camiños e cruzamentos ben definidos 2 Sendas ou sinalización que indica a continuidade 3 Esixe a identificación precisa de accidentes xeográficos e de puntos cardinais 4 Esixe técnicas de orientación e navegación fora de traza 5 A navegación é interrompida por obstáculos que hai que bordear
	Desprazamento Dificultade no desprazamento	1 Marcha por superficie lisa 2 Marcha por camiños de ferradura 3 Marcha por sendas escalonadas ou terros irregulares 4 É preciso o uso das mans para manter o equilibrio 5 Require pasos de escalada para a progresión
	Esforzo Cantidade de esforzo necesario	1 Ata 1 h de marcha efectiva 2 Máis de 1 h e ata 3 h de marcha efectiva 3 Máis de 3 h e ata 6 h de marcha efectiva 4 Máis de 6 h e ata 10 h de marcha efectiva 5 Máis de 10 h de marcha efectiva

Calculado segundo criterios MIDE para un excursionista medio pouco cargado

SINAIS DE SENDEIRISMO NOS PR-G (PEQUENO RECORRIDO GALEGO)

- Sinal de continuidade: indica dirección correcta
- Sinal de dirección equivocada: indica dirección incorrecta
- PR-G 263 Baliza: permite identificar o tipo e o nº de sendeiro homologado
- PR-G 263.1 Baliza de variante: permite identificar a variante do sendeiro
- PR-G 263 Baliza de derivación: permite identificar o nº de sendeiro homologado na derivación

SENDEIRO SINALIZADO

Entidade promotora:
Mancomunidade Barbanza Arousa

Entidade homologadora:
Federación Galega de Montañismo

F. G. M.

- Respecta a natureza e os seres vivos que aquí habitan, non molestes aos animais nin arrinques plantas. Se recolles cogomelos, faino con responsabilidade.
- Recolle o lixo que xeres e deposítalo no contedor ou nunha papeleira e, se é posible, sepáralo para reciclar.
- O lume pode destruír a vida. Non acendas fogueiras nin tires cabichas.
- Non abandones animais exóticos nin mascotas, xa que causan un dano irreparable no equilibrio ecolóxico.
- Non circules co coche, a motocicleta ou o quad por fóra das estradas.
- Goza deste espazo natural e do contacto coa natureza. Volve e descúbree noutras épocas do ano

